

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O PROXECTO EUROPEO NOR-WATER PÉCHASE CON AVANCES NA IDENTIFICACIÓN DOS PRINCIPAIS CONTAMINANTES EMERXENTES NAS AUGAS DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL

- Os resultados desta acción europea presentáronse onte nunha conferencia celebrada en Vigo na sede do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR, membro do consorcio xunto ao Instituto Tecnolóxico para o control do Medio Mariño-Intecmar, a Universidade de Santiago de Compostela e cinco institucións portuguesas
- O proxecto permitiu desenvolver novos métodos e ferramentas para analizar e para mellorar o tratamento dos contaminantes emerxentes de maior risco potencial para os ecosistemas costeiros e fluviais

**Vigo, 16 de marzo de 2022.-** A identificación dos principais contaminantes emerxentes nas augas superficiais costeiras e fluviais de Galicia e do Norte de Portugal é un dos principais avances acadados polo proxecto europeo NOR-WATER, que desenvolveu ademais novos métodos e ferramentas para combater estas sustancias nocivas para os ecosistemas.

O proxecto NOR-WATER, financiado a través do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal (Poctep), foi posible co traballo dun consorcio coordinado polo Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental (CIIMAR) da Universidade de Porto, coa participación de CETMAR, da USC e do Intecmar, ademais da Agência Portuguesa do Ambiente, IP – Administração da Região Hidrográfica do Norte, as Cármaras Municipais de Viana do Castelo (Centro Monitorização e Interpretação Ambiental) e Vila Nova de Cerveira (Aquamuseu do Río Minho), e a Facultade de Enxenharia da Universidade do Porto. Asemade, foi tamén moi relevante a participación o panel consultivo, constituído por Águas do Norte, EFACEC, Augas de Galicia, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia.

A presentación dos principais resultados desta iniciativa, tivo lugar hoxe nunha conferencia celebrada en Vigo na sede do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar, dependente da Consellería do Mar, e socio de NOR-WATER xunto ao Intecmar e á Universidade de Santiago de Compostela.

O proxecto traballou ao longo dos últimos tres anos no desenvolvemento de novos métodos analíticos e ferramentas de predición e modelización para os contaminantes emerxentes con maior risco potencial para os ecosistemas, así como para mellorar a eficacia dos sistemas de tratamento cara a súa eliminación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As zonas obxecto de estudo no marco de NOR-WATER foron as costas e ribeiras fluviais do sur de Galicia e norte de Portugal, concretamente na Ría de Vigo, nos ríos Miño e Limia nas súas vertentes galega e lusa, e nos ríos Ave e Cávado. Tamén foron seleccionadas seis estacións depuradoras de augas residuais para o seu estudo.

Despois dunha compilación de datos sobre os usos e presións antropoxénicas presentes nas zonas sinaladas e da elaboración dunha base de datos de máis de 3.500 contaminantes a investigar, leváronse a cabo campañas de identificación de compostos nesas augas que permitiron a identificación de máis de 350 contaminantes, dos que foron seleccionados 52 para a súa monitorización tendo en conta criterios de persistencia no medio, mobilidade e frecuencia de aparición, entre outros aspectos. O obxectivo era coñecer con máis detalle a súa eliminación nos sistemas de depuración e avaliar os seus potenciais riscos con vistas a futuros desenvolvementos da Directiva Marco da Auga.

Os expertos de NOR-WATER realizaron así tres campañas de mostraxe en 2021 cun total de cen mostras, o que permitiu detectar, por exemplo, a presenza de determinados fármacos, praguicidas, compostos derivados de produtos de limpeza coma o xileno sulfonato, así como plastificantes e compostos perfluorados.

Xunto aos diferentes estudos para a transformación dos compostos contaminantes detectados e para a mellora dos sistemas de tratamento de augas residuais, desenvolvéronse tres prototipos de foto-reactores para a degradación de contaminantes emerxentes mediante procesos de oxidación avanzados, ozonización e filtración por membranas para o tratamento terciario de augas residuais urbanas. As tecnoloxías desenvolvidas permitirán unha remoción superior a 80% de 15 dos 19 contaminantes de interese emerxente seleccionados, obtendo un auga tratada sen efectos toxicolóxicos (ensaos con embrions de peixe cebra) que podería ser reutilizada con fins de irrigación. Un dous foto-reactores (FluHelik) está sendo testado a escala pre-industrial na EDAR do Ave con o apoio de EFACEC.

Ademais das actividades de estudo, monitorización, modelización e de remoción de contaminantes, o consorcio NOR-WATER levou a cabo accións de educación ambiental e de sensibilización, con formacións en centros escolares do sur de Galicia, Vila Nova de Cerveira e Viana do Castelo.

Neste ámbito elaborouse un caderno de contaminación fluvial e publicacións sobre os valores naturais do río Miño e os contaminantes emerxentes no ambiente, ademais dun vídeo divulgativo sobre esta temática (dispoñibles en formato dixital na web do proxecto), exposicións itinerantes e 26 publicacións científicas cos resultados do proxecto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalmente, constituíuse a Rede NOR-WATER como un foro de colaboración multidisciplinar público-privada no ámbito dos contaminantes emerxentes, con capacidade operativa e proactiva para facilitar a cooperación entre usuarios e actuar como impulsor de iniciativas nesta temática, e que manterá a súa actividade mais alá da vida do proxecto, que remata no mes de abril.

A rede aglutina a 41 entidades -13 de Portugal e 28 de España- tales como organismos de investigación especializados na contaminación e calidade das augas, empresas de depuración e desenvolvementos de tecnoloxías de control e monitorización, administracións responsables da xestión de augas e asociacións e organizacións non gobernamentais que desenvolven actividades de educación ambiental e sensibilización.

Os resultados do proxecto permitirán implementar medidas de xestión ambiental para mitigar a presenza dos compostos identificados de maior risco, e contribuír para mellorar a eficiencia das EDAR de Galicia e Norte de Portugal.

### **Saúdos do gabinete de comunicación da Consellería do Mar**

CONSELLERÍA DO MAR  
Gabinete de Comunicación

San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
T. 881 995 354/5  
Mail. [prensa.mar@xunta.gal](mailto:prensa.mar@xunta.gal)  
[www.mar.xunta.gal](http://www.mar.xunta.gal)

